

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27012048	IES Xograr Afonso Gómez de Sarria	Sarria	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Latín	4º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	16
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	18

## 1. Introducción

As Humanidades e a proposta dunha educación humanista na civilización europea van intrinsecamente ligadas á tradición e á herdanza cultural da Antigüidade clásica.

A través da aprendizaxe da lingua, da cultura e da civilización romanas, a materia de Latín permite unha reflexión profunda sobre o presente e sobre o papel que o Humanismo pode e debe desempeñar ante os retos e desafíos do século XXI. Esta materia contén, ademais, un valor instrumental para a aprendizaxe de linguas, literatura, relixión, historia, filosofía, dereito, política ou ciencia, capacitando o alumnado que a cursa para ampliar o seu coñecemento sobre estes aspectos, proporcionando un substrato cultural que permite comprender o mundo, os acontecementos e os sentimentos e que contribúe á educación cívica e cultural do alumnado.

A materia de Latín ten como principal obxectivo o desenvolvemento dunha conciencia crítica e humanista desde a que poder entender e analizar as achegas da civilización latina á identidade europea, a través da lectura e a comprensión de fontes primarias e da adquisición de técnicas de comprensión de textos que lle permitan ao alumnado utilizar estas fontes de acceso á Antigüidade romana como instrumento privilexiado para coñecer, comprender e interpretar os seus aspectos principais. Por iso, a materia vértébrase arredor de tres eixes: a lingua, os textos e a súa comprensión; a aproximación crítica ao mundo romano, e o estudo do patrimonio cultural e o legado da civilización latina.

A comprensión do texto está no centro dos procesos de ensino e aprendizaxe das linguas e culturas clásicas. Para entender criticamente a civilización latina, o alumnado de Latín localiza, identifica, contextualiza e comprende os elementos esenciais dun texto, progresando nos coñecementos da fonética, o léxico, a morfoloxía, a sintaxe e, de ser o caso, o uso oral e escrito da lingua latina baixo a guía do profesorado. Ademais destes saberes de carácter lingüístico, o uso activo do latín, a comprensión do texto e a súa tradución son procesos clave que permiten activar saberes de carácter non lingüístico. O texto orixinal, adaptado, en edición bilingüe ou traducido, en función da situación é o punto de partida desde o cal o alumnado mobiliza todos os contidos para, partindo da súa contextualización, concluír unha lectura comprensiva, directa e eficaz, e unha interpretación razoada do seu contido. As técnicas e estratexias implicadas no proceso de comprensión dun texto e/ou a súa tradución contribúen a desenvolver a capacidade de negociación para a resolución de problemas, así como a constancia e o interese por revisar o propio traballo. Permite, ademais, que o alumnado entre en contacto coas posibilidades que este labor ofrece para o seu futuro persoal e profesional nun mundo globalizado e dixital, a través do coñecemento e uso de diferentes recursos, técnicas e ferramentas. Finalmente, cando se opte pola utilización de métodos activos, o uso na aula da lingua latina, tanto oral como escrita, permitiralle ao alumnado, por unha banda, consolidar os coñecementos adquiridos e, por outra, poñer en práctica estratexias comunicativas que melloren a súa capacidade de expresión.

Así mesmo, a materia de Latín parte dos textos para favorecer a aproximación crítica ás achegas máis importantes do mundo romano, na súa calidade de sistema integrador de diferentes correntes de pensamento e actitudes éticas e estéticas que conforman o ámbito europeo. Esta aproximación resulta especialmente relevante para adquirir un xuízo crítico e estético nas condicións cambiantes dun presente en constante evolución. Esta materia prepara o alumnado para comprender criticamente ideas relativas á propia identidade, á vida pública e privada, á relación do individuo co poder e a feitos sociopolíticos e históricos, por medio da comparación entre os modos de vida da antiga Roma e os actuais, contribuíndo así a desenvolver a súa competencia cidadá.

O estudo do patrimonio cultural, arqueolóxico e artístico romano, material e inmaterial, merece unha atención específica e permite observar e recoñecer na nosa vida cotiá a herdanza directa da civilización latina. A aproximación aos procesos que favorecen a sustentabilidade deste legado preservación, conservación e restauración supón, tamén, unha oportunidade para que o alumnado coñeza as posibilidades profesionais no ámbito dos museos, as bibliotecas ou a xestión cultural e a conservación do patrimonio.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Valorar o papel da civilización latina na orixe da identidade europea, comparando e recoñecendo as semellanzas e diferenzas entre linguas e culturas, para analizar criticamente o presente.	2	2-3				1		1
OBX2 - Coñecer os aspectos básicos da lingua latina, comparándoa coas linguas de ensino e con outras linguas do repertorio individual do alumnado, para valorar os trazos comúns e apreciar a diversidade lingüística como mostra de riqueza cultural.		2-3	1				3	
OBX3 - Ler e interpretar textos latinos, asumindo a aproximación aos textos como un proceso dinámico e tomando conciencia dos coñecementos e experiencias propias, para identificar o seu carácter clásico e fundamental.	2	1-2	1		4			1
OBX4 - Comprender textos latinos orixinais e adaptados e producir textos orais ou escritos breves en latín, traducindo do latín á lingua de ensino ou desenvolvendo estratexias de acceso ao significado dun enunciado sinxelo en lingua latina, no primeiro caso, e seguindo modelos dados, no segundo, para alcanzar e xustificar a comprensión propia dunha pasaxe ou a produción dun texto, oral ou escrito, sinxelo en latín.	2	2-3	1	2				
OBX5 - Descubrir, coñecer e valorar o patrimonio cultural, arqueolóxico e artístico romano, apreciándoo e recoñecéndoo como produto da creación humana e como testemuño da historia, para identificar as fontes de inspiración e distinguir os procesos de construción, preservación, conservación e restauración, así como para garantir a súa sustentabilidade.		3		1-3		1-4		1-2

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O presente da civilización latina	Achegamento ao papel do humanismo e a súa preza na sociedade actual. ¿ Importancia da civilización latina na configuración, recoñecemento e análise crítico da nosa identidade como sociedade.	40	25	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O presente da civilización latina	<p>Análise crítica da sociedade romana: escravitude e exclusión da muller.</p> <p>¿ Léxico latino: evolución dos conceptos fundamentais da civilización latina ata a actualidade.</p> <p>¿ Achegamento aos aspectos xeográficos, históricos, culturais, políticos e lingüísticos da civilización latina presentes na Europa actual e da súa cultura.</p> <p>¿ Estratexias e ferramentas para relacionar o pasado e o presente.</p> <p>¿ Identificación das obras fundamentais da literatura latina no seu contexto e a súa pervivencia a través da tradición clásica.</p> <p>¿ Importancia dos textos clásicos latinos como testimonio daqueles aspectos constitutivos da nosa condición humana: raciocinio, emocións, relixión...</p> <p>¿ Estratexias para comprender, comentar e interpretar textos latinos a partir dos coñecementos adquiridos e da experiencia propia.</p>	40	25	X	X	X
2	Latín e plurilingüismo	<p>¿ O abecedario, a acentuación e as distintas pronunciacións da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais, así como a súa permanencia e influencia nas linguas do alumnado.</p> <p>¿ Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes desde o latín culto e o latín vulgar.</p> <p>¿ Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos.</p> <p>¿ Procedimentos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras.</p> <p>¿ Iniciación ao significado etimolóxico das palabras.</p> <p>¿ Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos.</p> <p>¿ Latinismos e locuciones latinas máis frecuentes.</p> <p>¿ Comparación entre linguas a partir da súa orixe e parentescos.</p> <p>¿ Importancia do latín como ferramenta de mellora da expresión escrita, oral e multimodal .</p> <p>¿ Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe da lingua latina como vencello e impulso para a aprendizaxe doutras linguas</p>	20	25	X	X	X
3	Comprensión e interpretación de los textos	<p>¿ Clases de palabras. Funcións básicas e sintaxe elemental dos casos.</p>	20	30	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Comprensión e interpretación de los textos	<p>¿ Introducción á flexión nominal, pronominal e verbal.</p> <p>¿ Estructuras oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas.</p> <p>¿ Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.</p> <p>¿ Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas tales como Portfolio europeo das linguas, glosarios ou dicionarios.</p> <p>¿ Retroversión de oracións e textos de dificultad idónea.</p> <p>¿ Funcións comunicativas básicas: fórmulas de saúdo e presentación, descrición, localización, expresión de emocións, etc.</p> <p>¿ Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e entornos próximos, ocio e tempo libre, vida cotidiana, saúde e actividade física, vivenda e fogar, etc.</p>	20	30	X	X	X
4	Legado e patrimonio	<p>¿ Perduración do legado material (sitios arqueolóxicos, inscricións, construcións monumentais e artísticas, etc.) e inmaterial (mitoloxía clásica, institucións políticas, oratoria, dereito, rituais e celebracións, etc.) da cultura e civilización latinas.</p> <p>¿ A transmisión textual e os materiais e soportes de escritura.</p> <p>¿ Características do patrimonio cultural romano e do proceso de romanización. A romanización de Gallaecia no contexto da Hispania romana.</p> <p>¿ Interés e iniciativa en participar en procesos destinados a conservar, preservar e difundir o patrimonio arqueolóxico do entorno.</p> <p>¿ Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal.</p> <p>¿ Respeto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados.</p> <p>¿ Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.</p>	20	25	X	X	X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O presente da civilización latina	25

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar os períodos da historia de Roma, os acontecementos e personaxes, así como os aspectos da civilización romana no seu contexto histórico, relacionando os datos con referentes actuais e aplicando os coñecementos adquiridos.	Explicar, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade romana, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados á luz da evolución das sociedades e os dereitos humanos.	PE	70
CA1.4 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade como riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir de criterios dados.		
CA1.5 - Recoñecer o sentido global e as ideas principais e secundarias dun texto, contextualizándoo e identificando as referencias históricas, sociais, políticas ou relixiosas que aparecen nel, e servíndose de coñecementos sobre personaxes e acontecementos históricos xa estudados.	Extraer, analizar e reflectir oralmente e/ou por escrito, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado, expresados de forma clara e, no caso dos textos orais, preferentemente na pronuncia clásica.		
CA1.6 - Interpretar de maneira crítica o contido de textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto no que se produciron, conectándoos coa experiencia propia e valorando como contribúen a entender os modos de vida, costumes e actitudes da nosa sociedade.	Extraer, analizar e reflectir oralmente e/ou por escrito, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado, expresados de forma clara e, no caso dos textos orais, preferentemente na pronuncia clásica.		
CA1.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as semellanzas e diferenzas coa Antigüidade latina.	Investigar aspectos do legado da civilización latina no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando a propiedade intelectual	TI	30

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Valorar de maneira crítica os modos de vida, costumes e actitudes da sociedade romana en comparación cos das nosas sociedades a partir do contido de fontes latinas en diferentes soportes.	Explicar, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade romana, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados á luz da evolución das sociedades e os dereitos humanos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Achegamento ao papel do humanismo e a súa presenza na sociedade actual. Concepto orixinal de humanismo.</li> <li>- Importancia da civilización latina na configuración, recoñecemento e análise crítico da nosa identidade como sociedade. Análise crítica da sociedade romana: escravitude e exclusión da muller.</li> <li>- Léxico latino: evolución dos conceptos fundamentais da civilización latina ata a actualidade.</li> <li>- Achegamento aos aspectos xeográficos, históricos, culturais, políticos e lingüísticos da civilización latina presentes na noción actual de Europa e da súa cultura.</li> <li>- Estratexias e ferramentas para relacionar o pasado e o presente a partir dos coñecementos adquiridos.</li> <li>- Identificación das obras fundamentais da literatura latina no seu contexto e a súa pervivencia a través da tradición clásica.</li> <li>- Importancia dos textos clásicos latinos como testemuño daqueles aspectos constitutivos da nosa condición humana: raciocinio, emocións, relixión...</li> <li>- Estratexias para comprender, comentar e interpretar textos latinos a partir dos coñecementos adquiridos e da experiencia propia.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Latín e plurilingüismo	25

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio	Deducir o significado etimolóxico dun termo de uso común e inferir o significado de termos de nova aparición ou procedentes de léxico especializado aplicando, de maneira guiada, estratexias de recoñecemento de formantes latinos atendendo aos cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos.	PE	70
CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.	Explicar, de maneira guiada, a relación do latín coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe latina e utilizando de forma guiada estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio do alumnado		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística e cultural á que dá orixe o latín, identificando e explicando semellanzas e diferenzas entre os elementos lingüísticos da contorna, relacionándoos cos da propia cultura e desenvolvendo unha cultura compartida e unha cidadanía comprometida cos valores democráticos.	Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade como riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir de criterios dados.	TI	30
CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente.	Explicar, de maneira guiada, a relación do latín coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe latina e utilizando de forma guiada estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio do alumnado		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O abecedario, a acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais, así como a súa permanencia e influencia nas linguas do repertorio lingüístico individual do alumnado.</li> <li>- Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes desde o latín culto e o latín vulgar. Un retorno ás orixes comúns: das linguas románicas ao latín.</li> <li>- Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino.</li> <li>- Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado.</li> <li>- Iniciación ao significado etimolóxico das palabras.</li> <li>- Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos.</li> <li>- Latinismos e locucións latinas máis frecuentes.</li> <li>- Técnicas de recoñecemento, organización e incorporación á produción escrita, oral ou multimodal de léxico de raíz común entre as distintas linguas do repertorio lingüístico individual.</li> <li>- Comparación entre linguas a partir da súa orixe e parentescos.</li> <li>- Importancia do latín como ferramenta de mellora da expresión escrita, oral e multimodal nas distintas linguas do repertorio lingüístico individual.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe e reflexión da lingua latina como vínculo e impulso para a aprendizaxe doutras linguas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Comprensión e interpretación de los textos	30

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Aplicar os seus coñecementos da morfoloxía verbal, nominal e pronominal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario.		
CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.	Aplicar os seus coñecementos da morfoloxía verbal, nominal e pronominal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario.	PE	70
CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	utilizar adecuadamente a análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica de textos de dificultade graduada, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.		
CA3.4 - Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos da vida cotiá, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos e próximos á experiencia persoal, apoiándose, cando sexa necesario, en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras, incidindo nas estratexias para iniciar, manter e rematar a comunicación verbal.	Realizar comentarios sobre os principais trazos dos textos seleccionados e sobre os aspectos culturais presentes neles, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Clases de palabras. Funcións básicas e sintaxe elemental dos casos.</li> <li>- Introducción á flexión nominal, pronominal e verbal.</li> <li>- Estruturas oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas.</li> <li>- Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino.</li> <li>- Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.</li> <li>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas tales como Portfolio Europeo das Linguas, glosarios ou dicionarios.</li> <li>- Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida.</li> <li>- Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada.</li> <li>- Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas: fórmulas de saúdo e presentación, descrición, localización, expresión de emocións etc.</li> <li>- Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, ocio e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar etc.</li> </ul>

Contidos
- Convencións e estratexias conversacionais básicas, para iniciar, manter e rematar a comunicación.

UD	Título da UD	Duración
4	Legado e patrimonio	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	Estudar, catalogar e respectar o patrimonio literario, histórico, arqueolóxico, artístico e cultural heredado da civilización latina.	PE	70
CA4.3 - Explicar os elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía clásica, identificándoos como fonte de inspiración de manifestacións literarias e artísticas.	Sinalar semellanzas e diferenzas entre os mitos e as lendas da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa, e valorando a súa influencia na arte e na literatura posterior a través de exemplos.		
CA4.5 - Expoñer de forma oral, escrita ou multimodal as conclusións obtidas a partir da investigación, individual ou colectiva, do legado material e inmaterial da civilización romana e a súa perduración no presente a través de soportes analóxicos e dixitais, seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios de validez, calidade e fiabilidade.	omprender, explicar e empregar na lingua propia e no contexto axeitado locucións e expresións latinas que se mantiveron na linguaxe literaria, xurídica, filosófica, técnica, relixiosa, médica e científica		
CA4.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as similitudes e diferenzas coa Antigüidade latina.	Estudar, catalogar e respectar o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural heredado da civilización latina.	TI	30
CA4.4 - Recoñecer as pegadas da romanización no patrimonio cultural e arqueolóxico da contorna, identificando os procesos de preservación, conservación e restauración como un aspecto fundamental dunha cidadanía comprometida coa sustentabilidade ambiental e o coidado do seu legado.	Enumerar, explicar e ilustrar con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Hispania e da Gallaecia, e sinala a súa influencia na historia posterior.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Perduración do legado material (sitios arqueolóxicos, inscricións, construcións monumentais e artísticas etc.) e inmaterial (mitoloxía clásica, institucións políticas, oratoria, dereito, rituais e celebracións etc.) da cultura e civilización latinas.
- A transmisión textual e os materiais e soportes de escritura.

## Contidos

- Características do patrimonio cultural romano e do proceso de romanización. A romanización de Gallaecia no contexto da Hispania romana.
- Interese e iniciativa en participar en procesos destinados a conservar, preservar e difundir o patrimonio arqueolóxico da contorna.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Tomando como punto de partida os coñecementos previos de cada alumno, atenderanse as diferentes necesidades coa realización de exercicios individuais, ata acadar ou achegarse ao ritmo da clase.

- Levarase a cabo unha metodoloxía que permita ao alumno aprender por si mesmo e traballar en grupo, favorecendo o intercambio de información, o contraste de puntos de vista e a actitude de cooperación entre todos. A profesora encargárase de guiar e motivar ese proceso de ensino-aprendizaxe.
- Deberá haber unha participación activa, individual e conxunta na resolución das actividades, para favorecer a adquisición dos coñecementos, producindo así unha aprendizaxe máis duradeira.
- Procurárase unha conexión constante entre a parte teórica e a aplicación práctica na sociedade.
- Recurrírase a procedementos e recursos múltiples que susciten o interese do alumno e se adapten ós distintos ritmos de aprendizaxe.
- Farase uso das TIC, que será o recurso didáctico de referencia, e polo tanto, o modelo metodolóxico principal que se aplicará na materia será o denominado "Flipped Classroom" (Clase invertida), de maneira que o profesorado utilizará materiais e recursos de creación propia e recursos educativos abertos seleccionados de internet ou de outras fontes, favorecendo unha educación individualizada e personalizada coa utilización de ferramentas TIC. Este modelo complementarase co de "Aprender facendo e ensinando", onde o alumnado construíra o seu coñecemento facendo cousas con outros (traballo colaborativo), a partir da experiencia e a exploración, do ensaio e erro, da análise e a execución. Pódese dicir que se trata de converter a clase nun espazo para realizar as tarefas, mediante un traballo en equipo ou individualmente, dirixido polo profesorado. Previamente, e despois dunha explicación do profesorado, o alumnado aprende ou visualiza o contido a través de documentos escritos, ligazóns de internet, de videotutoriais,, etc..
- Usarase a aula virtualdo centro, xuntamente co apoio de calquera outro medio telemático, que se considere pertinente.

Realización de actividades de coñecementos previos que introduzan e motiven ao alumno na temática a aprender:

- Diversidade de exercicios prácticos que permitan o coñecemento dos conceptos.
- Elaboración de mapas, esquemas, resumos e traballos de investigación sobre temas de cultura.
- Lectura e comentario dos temas do legado, acompañado de material audiovisual.
- Lecturas complementarias.

Ao longo do curso poderanse levar a cabo diversos tipos de actividades:

Actividades de presentación-motivación: Para introducir ao alumnado no tema que se aborda e despertar o seu interese sobre os contidos da unidade, poderá establecerse un pequeno debate a partir dalgún artigo de prensa, noticia de actualidade, etc..., relacionado co tema a tratar, realizar unha tormenta de ideas con preguntas abertas ou analizar e comentar un vídeo relacionado co tema.

Actividades de avaliación de coñecementos previos: Para obter información acerca do que saben e que procedementos, destrezas e habilidades ten desenvolvidas o alumnado sobre un tema concreto, pode realizarse unha tormenta de ideas sobre os principais conceptos da unidade, ou un "test de coñecementos previos" co que o profesorado pode facerse unha idea de cada alumno/a e da clase en xeral. Non se trata de poñer unha cualificación ao alumnado, senón de proporcionar ao profesorado información que necesita para favorecer aprendizaxes significativas e funcionais.

Actividades de desenvolvemento dos distintos contidos: Coa finalidade de que o alumnado adquira novos coñecementos, empregaranse varios métodos:

- Método dogmático-maxistral: Para introdución a un tema ou unidade, exposición de temas puntuais ou propostas de técnicas de traballo.
- Método histórico: Para un breve estudio dun concepto a través do tempo.
- Método de proxectos: Para a realización dun traballo concreto, incluíndo a fase de deseño, planificación e elaboración final.

Actividades de consolidación: Para que o alumnado contraste as novas ideas coas previas e aplique as novas aprendizaxes, realizará actividades nas que se traballarán un conxunto de coñecementos, capacidades e actitudes (competencias clave) relacionados coa unidade didáctica correspondente.

Actividades de síntese-resume: Para que o alumnado estableza a relación entre os distintos contidos aprendidos, así como contrastalos cos que xa tiñan, poden elaborar mapas conceptuais sobre os contidos da unidade ou elaborar un resume.

Actividades de reforzo: Para o alumnado que non alcance os obxectivos ou que teña un ritmo de aprendizaxe máis lento deseñaranse actividades destinadas a desenvolver os contidos de reforzo.

Actividades de ampliación: Para o alumnado que teña un ritmo máis rápido de aprendizaxe realizaranse actividades como a procura de información sobre algún dos contidos da unidade en outras fontes das proporcionadas de xeito ordinario na aula.

A participación do alumnado poderase potenciar nesta materia mediante a exposición de traballos, a resolución colaborativa de problemas, a utilización colectiva de recursos virtuais ou a procura e a análise de información en internet, aspectos que tamén favorecen a propia aprendizaxe.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Proxector e equipo informático da aula.
Ordenador persoal do alumno e/ou dispositivos dixitais.
Software de uso xeral e de uso específico.
Materiais didácticos Materiais didácticos proporcionados pola profesora na Aula Virtual do centro e recursos abertos de internet ou de outras fontes.
Recursos Recursos das propostas didácticas, con actividades de reforzo e ampliación, lecturas e actividades complementarias.
Diccionario de latín
Materiais adicionais dos fondos da Biblioteca do Centro.

A través do proxector do que se dispón na aula o alumnado poderá visualizar a aula virtual onde estarán todas as unidades didácticas, os recursos necesarios e as actividades propostas para o desenvolvemento da materia

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A observación directa das actividades propostas na clase servirá de indicador do grao de coñecementos de cada alumno. Ao tratarse dunha materia cursada por primeira vez, serán exercicios prácticos fundamentalmente das linguas propias, enfocados aos obxectivos que se pretenden acadar nas clásicas.

Ditos exercicios versarán sobre comprensión dun texto, capacidade de síntese, expresión escrita, etimoloxía e cuestións sinxelas de lingua.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>40</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	70	70	70	70	<b>70</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	30	30	30	30	<b>30</b>

### Criterios de cualificación:

#### PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Dúas probas escritas por avaliación: cualificada sobre 10 puntos 70%
- Traballo na aula e na casa (libreta) " " 1 " 10%
- O envío de actividades, cuestionarios... a través de entornos virtuais: 2 puntos 20%

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación de cada unha das 3 avaliacións do curso, virá dada pola media ponderada das cualificacións das unidades didácticas impartidas na avaliación. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica, os cales se poden ver no apartado 3.1 da programación. Así teríamos o seguinte:

Primeira avaliación=  $(40 \times \text{NotaUD1} + 20 \times \text{NotaUD2} + 20 \times \text{NotaUD3} + 20 \times \text{NotaUD4})/100$

Segunda avaliación =  $(40 \times \text{NotaUD1} + 20 \times \text{NotaUD2} + 20 \times \text{NotaUD3} + 20 \times \text{NotaUD4})/100$

Terceira avaliación=  $(40 \times \text{NotaUD1} + 20 \times \text{NotaUD2} + 20 \times \text{NotaUD3} + 20 \times \text{NotaUD4})/100$

A cualificación final da materia virá dada pola media ponderada das cualificacións de cada unha das 3 avaliacións do curso. A ponderación establecerase en base aos pesos por avaliación: 20% para a nota da 1ª avaliación, 30% para a nota da 2ª avaliación e 50% para a nota da 3ª avaliación. Así teríamos:

Avaliación final ordinaria=  $(20 \times \text{Nota}_1^{\text{a}} \text{aval} + 30 \times \text{Nota}_2^{\text{a}} \text{aval} + 50 \times \text{Nota}_3^{\text{a}} \text{aval})/100$

No cálculo das cualificacións das distintas avaliacións, cando o resultado non sexa un número enteiro, redondearase ao enteiro superior, se a parte decimal é igual ou superior a 0,5 ou ao enteiro inferior se a parte decimal é menor de 0,5.

No caso de que exista algunha modificación na docencia das unidades que estaban programadas para algunha avaliación, deberá modificarse a maneira de calcular a cualificación da avaliación correspondente. Se ao rematar a terceira avaliación non se impartira algunha unidade ou algunhas unidades, entón repartiríase equitativamente o peso destas entre as unidades impartidas, e polo tanto, modificaríase a expresión matemática para o cálculo da cualificación final da materia segundo proceda.

O alumno/-a que copie nunha proba escrita será cualificado cun cero en dita proba, debendo de recuperar a

avaliación na proba final ordinaria, e ademáis será considerado un feito de especial gravidade, de tal maneira, que o alumno/a será sancionado/a cunha falta disciplinaria grave. A mesma cualificación lle corresponderá á non comparecencia sen xustificar a un exame.

As tarefas e/ou cuestionarios deben de ser presentadas en tempo e forma (en modo telemático ou presencial) para acadar unha avaliación positiva, pola contra, a ausencia de envíos ou envíos fóra de prazo suporán unha cualificación de 0 neste apartado. Nos casos nos que se poida verificar que ditas actividades foron copiadas ou non elaboradas por eles/as mesmos/as terá un 0 nesa actividade.

### **Crterios de recuperación:**

Contéplanse recuperacións das avaliacións suspensas. O alumno/-a que non consiga ter superado algún dos tres trimestres, tras realizar as correspondentes probas de recuperación por avaliación, deberá presentarse a un exame final de toda a materia. Nesta proba de recuperación haberá cuestións das catro unidades didácticas traballadas ao longo do curso e manteranse os mesmos criterios de avaliación que na avaliación ordinaria en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 da programación..

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Ao comezo do período lectivo o profesorado realizará unha avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Tamén sería importante recibir da persoa titora e do departamento de Orientación toda a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas, ou persoais con incidencia educativa. Esta información poderá proceder:

- Dos informes individualizados de avaliación de cursos anteriores.
- Dos informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
- Da experiencia profesional previa.

A partir disto poderanse establecer, se procede, unhas medidas de atención á diversidade como as seguintes:

### **ALUMNADO CUN RITMO DE APRENDIZAXE MÁIS LENTO.**

- Adaptacións metodolóxicas en canto ao estilo de ensinanza: empregar formas de organizar a clase individualizadas, realización de grupos de nivel naquelas actividades que así o requiran, etc.
- Adaptacións metodolóxicas en canto á técnica de ensinanza: comunicar só os aspectos máis importantes da unidade didáctica, presentar a unidade de forma máis personalizada, procurar deseñar actividades diferentes para traballar un mesmo contido, etc.
- Adaptacións metodolóxicas en canto ás estratexias pedagóxicas: apoio verbal, visual, manual, ampliación do tempo para alcanzar un determinado contido), reforzo permanente dos logros acadados para elevar a autoestima-autoconcepto do alumnado, creación dun clima na aula na que o alumnado non tema expresar as súas dificultades, simplificación das actividades, etc.

### **ALUMNADO CUN RITMO DE APRENDIZAXE MÁIS RÁPIDO.**

- Propor actividades de ampliación que lles permitan profundar nos diversos contidos alcanzando obxectivos superiores.
- Implicar a este alumnado para axudar a compañeiros/as que teñan dificultades na súa aprendizaxe.
- Adaptacións curriculares de ampliación ou enriquecemento vertical, que consisten en aumentar a cantidade de contidos para aprender nunha ou varias áreas.
- Ampliación curricular de enriquecemento horizontal, onde o aumento cuantitativo de contidos queda nun segundo lugar, mentres que prevalece a súa profundidade e a realización de interconexións entre os contidos que se aprenden.

No caso de ser necesarias medidas extraordinarias de atención á diversidade unha vez esgotadas as de carácter ordinario, seguiranse as indicacións establecidas na normativa vixente, coa colaboración do departamento de Orientación do centro, e que estarán recollidas no plan anual do centro de atención á diversidade.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Tratamento e fomento da lectura.	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital.	X	X	X	X
ET.4 - Fomento da convivencia no centro.	X	X	X	X
ET.5 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X
ET.7 - Fomento do proxecto lingüístico do centro.	X	X	X	X

#### Observacións:

**TRATAMENTO E FOMENTO DA LECTURA.** Fomentarase a lectura e intentarase levar a cabo propostas de traballo cando xurdan iniciativas vinculadas coa mellora da competencia lectora. **EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA** Promoverase a resolución das tarefas de clase e elaboración de documentación, utilizando un vocabulario correcto e axeitado, reforzando o vocabulario propio da materia. Tamén se traballarán técnicas de comunicación de ideas, e exposición oral das resolucións dadas a determinadas tarefas por parte do alumnado. **COMPETENCIA DIXITAL** Na materia fomentarase a capacidade do alumnado de poñer en práctica coñecementos, habilidades e actitudes á hora de acceder á información, construír con ela coñecementos propios, expresala e difundila, producindo documentos persoais e utilizando para iso medios dixitais. Esta materia contribuirá tamén ao desenvolvemento do Plan Dixital do centro. **FOMENTO DA CONVIVENCIA NO CENTRO** A través da materia e tendo en conta as Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia do centro intentarase contribuír ao labor de concienciación sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar que permita unha mellor relación ensinanza-aprendizaxe. **EDUCACIÓN EMOCIONAL E EN VALORES** Desde esta materia tamén se quere transmitir unha serie de valores ao noso alumnado para que os apliquen á súa vida cotiá (aprender a ser responsable, respectuoso/a, empático/a, ...). **IGUALDADE DE XÉNERO** Intentarase concienciar ao alumnado para que actúe de maneira crítica ante as situacións de desigualdade que perciba no seu contorno e fóra del, e para que recoñeza as relacións interpersoais e sociais desde a natural diversidade de xénero, sexo e orientación sexual, como parte dunha realidade plural e enriquecedora. **FOMENTO DO PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO** Respectarase o establecido no proxecto lingüístico do centro, colaborando nas actividades organizadas para a dinamización da lingua galega.

### 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Teatro clásico de Lugo	Asistencia a representación dunha obra de teatro clásica ao longo da 2ª avaliación		X	



### Observacións:

Non se ten prevista ningunha outra actividade. En todo caso, caso de que xurdira algunha ao longo do curso, comunicárase ao Vicedirector do centro, con suficiente antelación, para iniciar o procedemento para a súa aprobación. Indicaríanse os seguintes datos:

- Título da actividade:
- Descrición da actividade:
- Obxectivos:
- Lugar e data previstos:
- Alumnado destinatario:
- Profesorado acompañante:
- Custe económico:
- Departamento/s colaborador/es:

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A selección e temporalización de contidos foi axeitada.
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros.
Proporcionouse ao alumnado información sobre o seu progreso e cualificacións.
O que estivo ben foi.
O que estivo mal foi.
Propostas de mellora.
Metodoloxía empregada
As actividades propostas foron variadas e axeitadas para o desenvolvemento dos contidos.
Realizáronse actividades para que o alumnado recuperara as partes non superadas da materia.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os recursos e materiais utilizados foron axeitados.
Medidas de atención á diversidade
As medidas de atención á diversidade foron axeitadas para atender ás necesidades do alumnado.
Clima de traballo na aula
O ambiente da clase foi axeitado e produtivo.

### Descrición:

Ao final de cada período de avaliación ou de cada unidade didáctica, farase unha avaliación da práctica docente mediante unha táboa de cotexo ou unha rúbrica, coas que se poderá obter información ao respecto. Estas táboas poderán ser cubertas tanto polo alumnado como polo profesorado da materia. Nas reunións de departamento analizaranse o resultados desta avaliación da práctica docente.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O profesorado da materia fará un seguimento do cumprimento da programación. Para iso ao finalizar cada unidade didáctica, e través da aplicación PROENS, no apartado de "Seguimento", comprobaranse as datas de inicio e final de cada unidade, a correspondencia entre sesións previstas e realizadas e o grado de cumprimento do programado para a unidade. No caso de detectar problemas realizaranse as propostas de mellora e correccións necesarias.

Nas reunións mensuais do departamento didáctico tratarase sempre como un dos puntos da reunión, o seguimento da programación didáctica.

## **9. Outros apartados**